


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

1-2 de outubro do 2022

XXVII ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 10 Vinde axiña compañeiros*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A fe é fundamental na nosa vida coma crentes, pero moitas veces temos dificultades para entender o que pasa ao noso arredor. Sentimos medo ante a catástrofe climática en Florida, sentimos dor polo sufrimento de Ucraia, sentimos vergoña polo trato que reciben os refuxiados tirados no Mediterráneo, sentimos rabia ante o maltrato, a violencia de xénero e os abusos...

Non comprendemos como Deus puxo nas nosas mans este mundo con tantas inxustizas e sufrimentos. Por iso hoxe pedimos que El nos aumente a nosa fe, para así seguindo o seu exemplo tratarmos nós de mellorar co noso esforzo, e dende aquí, a nosa sociedade.

Comezamos a celebración pedindo perdón por non saber fundamentar a nosa vida na fe que Xesús nos transmite na súa Palabra e na Eucaristía.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Pedimos perdón polas nosas faltas de fe que nos levan moitas veces a alonxarnos de Deus e dos irmáns, pensando que soamente nós somos os que temos a resposta a todo o que sucede. Pedimos perdón:*

Monitor/a

- ✓ Perdón Señor polas veces que non te vemos ao noso lado facendo camiño cos demais, e pechamos as portas. Señor, téndenos a túa man
- ✓ Perdón Señor polas veces que non nos acordamos de Ti, e só queremos o noso ben aínda que sexa a costa de moitos. Cristo, téndenos a túa man
- ✓ Perdón Señor polas veces que somos demasiado desconfiados, e somos cristiáns de pouca fe e nos faltan feitos. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas, dos que dubidan de Deus e non atopan fe na súa vida. A todos nos conceda Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa e non entendemos, e temos presente aos que se senten baleiros na vida e na fe.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, o teu amor é tan grande que sobrepasa os méritos e mesmo os desexos dos que che suplican.

Móstranos a túa misericordia, perdóanos o que oprime a nosa conciencia e concédenos o que nin sequera nos atrevemos a pedir.

Pedímoscho por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As palabras da carta de San Paulo que agora imos escoitar queren ser palabras de ánimo ante as dificultades. O camiño é seguir os pasos da caridade de Cristo.*

O evanxeo é a proposta de medrar na fe dando exemplo do evanxeo. Fagamos o que temos que facer para sermos cribles, e neste bo facer irá medrando a nosa fe.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO A TIMOTEO

Benquerido irmán:

Recórdoche que reavives o carisma de Deus, que hai en ti pola imposición das miñas mans. Porque Deus non nos deu un espírito feble senón forte, de amor e de sobriedade. Non teñas vergonza de noso Señor, nin de min, preso por el; ao contrario, faite partícipe dos meus sufrimentos polo Evanxeo, contando co poder de Deus. Mantén coma regra as palabras saudables que me escoitaches verbo da fe e da caridade de Cristo Xesús. Garda o precioso depósito por medio do Espírito Santo, que mora en nós.

Palabra do Señor

🎵 n° 21 *Todo canta* SALMO



PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, rogáronlle os apóstolos ao Señor:

- ¡Auméntanos a fe!

O Señor respondeulles:

- Se tiverades polo menos unha fe coma un gran de mostaza, diriádeslle a esta moreira: "Arríncate e plántate no mar", e seguro que vos obedecía.

E, quen de vós que teña un criado arando ou pastoreando, lle di cando chega da veiga:

"Entra axiña e ponte á mesa".

Non lle dirá máis ben:

"Prepara a cea, viste a roupa de traballo e ponme a comida; e cando eu remate de comer e beber, comerás e beberás ti?"

Ou é que aínda lle vai ter que estar agradecido ao criado por facer o que lle manda?

Así tamén vós, cando fagades todo o que se vos mande, dicide:

"Somos simples servidores: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer".

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Señor auméntanos a fe



Cando facemos crible a fe,
non fixemos máis do que tiñamos que facer.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Despois de escoitar como os Apóstolos pedían a Xesús que lles aumentara a fe, tamén hoxe facémolo nós cantando.

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus,
o Pai que que ama a todos sen diferenza e que desexa un mundo no que todas as persoas sexamos adultas e responsables na fe?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo, noso irmán,
que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós palabras e feitos que demostran evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para berrar contra un mundo tan pouco humano que pecha as súas portas a millóns de vidas, que esquece no silencio moita violencia de xénero, que fai oídos xordos aos soños de paz?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,
comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos esforzos, para ser exemplo de fe?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Fiándonos de Xesús, ergamos a nosa voz ao Pai deixando que o corazón fale dos mellores desexos para nós, para os Cotos e para toda a humanidade dicindo: Señor, acolle a nosa oración*

Monitor/a

- ✓ Pedimos xustiza e paz ante a vergoña da nosa sociedade que pecha tantas e tantas portas sentenciando á morte a máis de media humanidade, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que formamos a igrexa, porque crer non é rutinas e aparencias, é máis ben demostrar cos feitos o camiño do evanxeo, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que viven sen fe, sen esperanza, que xa están de volta de todo, e que moitas veces escandalizamos coas nosas hipocresías, oremos
- ✓ Pedimos pola persoas que comparten unha fe diferente, para que iso non nos impida construír xuntos un mundo mellor
- ✓ Pidamos polos refuxiados tirados, que esperan mans acolledoras e tolerantes, e pidamos polas persoas que viven sen paz, oremos

Celebrante: *Grazas, Señor, por escoitarnos, acollernos e axudarnos a vivir o evanxeo nas distintas situacións da vida. Por Cristo o noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración de Xesús, a oración de irmáns, a oración de quen confía, a oración que nos compromete na procura dun mundo máis xusto e mellor repartido. Dicimos:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A fe sen feitos está morta, non leva a nada. Cando lle pedimos ao Señor que nos aumente a fe pedímoslle unha man para os feitos porque sabemos que a paz require esforzo e valentía para facerse. Así, dende as mans de Xesús, facemos crible o camiño da paz. Está nas nosas mans facelo mellor.*

 **nº 39** *Démonos todos a man*

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño da fe, porque seguir a Xesús esixe facer evanxeo, e ditosos nós que o facemos estando convidados á compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abunda para me salvar

 **nº 48** *O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, acompaña coa túa protección constante ao pobo que renovaches na fe compartida coma comunidade.

Ti, que nunca deixaches de nos axudar, fainos merecente da salvación eterna.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Xesús convídanos a que nos fiemos de Deus, porque El confía en nós, nas nosas palabras e nos nosos feitos.

Que as palabras coas que hoxe temos rezado nos sigan dando azos para vivir dende a tolerancia e o respecto con quen pensa, vive e cree diferente.

Non esquezamos esta semana aos homes e mulleres que esperan as nosas mans para sentírense refuxiados, acollidos e tratados con dignidade e paz.

Avísase das misas (ver folla do mes)

🎵 **nº 56** *Ide e pregoade*

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

RECORDATORIO DE CATEQUESE

Esta semana damos comezo á catequese.

O xoves ás catro comezamos cos nenos e nenas de primaria en Fornelos. O sábado comezaremos ás catro e cuarto na igrexa de Moscoso.

Para esta primeira sesión cos nenos pedimos que estea presente o pai ou a nai, pois ao tratarse dunha actividade con menores necesitamos a autorización expresa pola lei de protección de datos.

O venres ás 4'30 en Fornelos daremos comezo á catequese para os mozos e mozas de secundaria.



“Señor, auméntanos a fe”

Palabras dos discípulos no evanxeo de hoxe